BREVE INFORME DO ESTUDO SOCIOLÓXICO:

“COÑECEMENTOS, HÁBITOS E ACTITUDES ANTE AS DROGAS DA POBOACIÓN ESCOLAR CON IDADES COMPRENDIDAS ENTRE OS 10 E 18 ANOS.”

Dende o Servizo de Prevención de Drogodependencias, lévase a cabo o primeiro estudo sociolóxico feito na cidade de Lugo sobre "Coñecementos, hábitos e actitudes ante as drogas da poboación escolar con idades comprendidas entre os 10 e 18 anos."

Este traballo realízao a Traballadora Social, María Zuluaga Díaz, e a Socióloga, Ana Lesta Mosquera, persoal contratado a través do plan de emprego "Labora" da Xunta de Galicia.

Para acometer este traballo, realizáronse unhas fases que pasamos a detallar brevemente a modo de introdución para explicar o seu estado actual.

1ª Fase: Exposición do tema e explicitación do obxecto do estudo

Nesta fase, exponse o tema da investigación. Debido a que no Servizo de Prevención de Drogas un dos ámbitos que máis intensamente se traballa é o escolar, formúlase a idea de centrar o estudo no dito ámbito, é dicir, alumnos escolarizados na cidade de Lugo de entre 10 e 18 años. O tema de estudo decídese que versará en torno ós coñecementos, hábitos de consumo e actitudes ante as drogas, para así ter uns datos máis aproximados á realidade, e poder enfocar con máis rigor as campañas preventivas no futuro.

2ª Fase: Metodoloxía e recompilación de datos primarios

Despois da anterior fase, decidimos que o mellor método de investigación para acercarnos a esa poboación sería a través da elaboración dunha metodoloxía cuantitativa, a través de cuestionarios redactados e elaborados por nós as dúas.

É aquí cando empeza a delimitación do universo do estudo e a elaboración da mostra.

Para o primeiro, consúltase a data de inicio desta fase, é dicir, o 15 de decembro de 2004, o Padrón de Habitantes Municipal. Nese mesmo día, o universo de poboación de entre 10 e 18 años é de 8.106 persoas. Polo tanto, a mostra resultante, á que se lle vai a aplicar os cuestionarios resultou de 383 alumnos. A súa distribución foi proporcional á cantidade de alumnos que había en cada estrato de idade e en cada colexio e instituto.

3º Fase: Elaboración dos cuestionarios

O cuestionario é unha ferramenta metodolóxica amplamente utilizada. A súa elaboración foi unha tarefa complexa, xa que debido ó tema de estudo hai que abordalo con delicadeza, xa que, debido ás diferentes idades de estudo, tivemos que adaptalo a elas.

Así resultou que redactamos dous tipos diferentes de cuestionarios: un específico para os alumnos de educación primaria, 4º, 5º e 6º, que comprenderían entre os 10, 11 e 12 anos de idade. Neste cuestionario tan só se nomean drogas legais, tabaco e alcohol, e nunca se menciona outro tipo de drogas.

O outro cuestionario ó que nos referimos é o cuestionario de Secundaria, que abarca os seguintes niveis educativos:

- Educación secundaria:

1º de secundaria.

2º de secundaria.

3º de secundaria.

4º de secundaria.

- BAC:

1º de bacharelato.

2º de bacharelato.

Abarcando este último ós alumnos de entre 12 e 18 anos.

Unha característica común ós dous cuestionarios, e que son totalmente anónimos, para así conseguir a maior fiabilidade nos datos.

4ª Fase: Recollida de datos

Nesta fase, que durou dous meses, os cuestionarios foron, entregádos persoalmente ós alumnos, e eles cubríanos.

O método seguido foi o seguinte: despois de concertar unha cita co director/a ou orientador/a de cada colexio, acudíase alí, e nese lugar nos as dúas escollíamos aleatoriamente na mesma clase os alumnos das idades que tiñamos calculadas, sempre respectando a distribución normal dos sexos entre home e muller, é dicir, o cincuenta por cento. Os alumnos escollidos reuníanse todos xuntos nunha aula e alí lles explicabamos o motivo da investigación e a forma de cubrir o cuestionario. Sempre estivemos presentes nesta fase para evitar potenciais problemas ou perda de información necesaria e valiosa.

5ª Fase: Codificación dos datos

Esta é a fase na que nos atopamos actualmente, e a que xa rematamos. Consiste en codificar os datos, é dicir, informatízanse a través dun programa de ordenador especial para análise de datos sociais, para así poder operativizalos e analizalos.

6ª Fase: Análise e redacción do informe

A fase da análise será a seguinte que comezaremos. Nela decídese qué datos analizar e qué variables son máis relevantes para chegar a conclusións. Unha vez analizado, redactarase o informe final coas conclusións e datos relevantes.

Resultados de preguntas para o Día Internacional Contra o Uso Indebido e o Tráfico Ilícito de Drogas: “Valórate, opta polo san”.

Para obter uns resultados que fosen significativos, escolleuse unha serie de preguntas, tanto nos cuestionarios de primaria como nos de secundaria, que a continuación pasamos a analizar:

PRIMARIA

De cantos cartos dispós, aproximadamente, á semana para os teus propios gastos?

	Porcentaxe válida.
Menos de 3 euros	39,4
De 3 a 6 euros	41,3
De 7 a 18 euros	9,2
De 19 a 30 euros	4,6
Máis de 30 euros.	5,5
Total	100,0



SECUNDARIA

De cantos cartos dispós,aproximadamente, á semana para os teus propios gastos?

	Porcentaxe válida
Menos de 3 euros	11,61
De 3 a 6 euros	29,21
De 7 a 18 euros	36,33
De 19 a 30 euros	13,11
Máis de 30 euros	9,74
Total	100,00



O 80,75% dos alumnos de 3º ciclo de primaria dispón como máximo de 6 euros á semana para os seus gastos persoais, mentres que nos alumnos de ESO e BAC constatamos que dispoñen de máis cartos; en torno ó 36% teñen entre 7 e 18 euros. Outro dato significativo do estudo é que o 22,85%

dos alumnos de ESO e BAC dispón dunha alta cantidade de cartos, que oscila entre os 20 euros e máis de 30 euros á semana.

PRIMARIA

Crees que é sinxelo conseguir drogas?

	Porcentaxe válida.
Sí.	39,4
Non.	60,6
Total	100,0



SECUNDARIA

Crees que é sinxelo conseguir drogas?

	Porcentaxe válida
Sí.	82,4
Non.	17,6
Total	100,0



En primaria máis da metade (60,55 %) considera que non é sinxelo conseguir drogas, dato totalmente oposto ós resultados obtidos coa mesma pregunta en ESO e BAC, onde o 82,40 % considera que si é sinxelo conseguilas.

PRIMARIA

En xeral,que opinión tes sobre o consumo das drogas?

	Porcentaxe válida.
Moi boa opinión.	0,9
Boa opinión.	0,9
Non teño opinión.	6,4
Mala opinión.	22,0
Moi mala opinión.	69,7
Total	100,0



SECUNDARIA

En xeral, que opinión tes sobre o consumo das drogas?

	Porcentaxe válida.
Moi boa opinión.	0,7
Boa opinión.	5,2
Non teño opinión.	36,0
Mala opinión.	30,0
Moi mala opinión.	28,1
Total	100,0



Case a totalidade dos alumnos de primaria (91,74 %) ten unha mala ou moi mala opinión sobre o consumo de drogas, en xeral. Estes datos varían sensiblemente cando nos fixamos nos resultados de ESO e BAC, onde a pesar de existir unha porcentaxe significativa (58,05 %) de alumnos que teñen

unha mala o moi mala opinión, cremos que é importante destacar que o 35,96 % non ten opinión (nin boa nin mala) sobre o consumo de drogas.

PRIMARIA

Sabías que o tabaco e o alcohol son drogas?

	Porcentaxe válida
O tabaco si e o alcohol non.	19,3
O tabaco non e o alcohol si.	2,8
Non sabía que ningunha das dúas o fosen.	11,0
Sabía que as dúas eran drogas.	67,0
Total	100,0



SECUNDARIA

Sabías que o tabaco e o alcohol son drogas?

	Porcentaxe válida.
O tabaco sí e o alcohol non.	11,2
O tabaco non e o alcohol sí	1,9
Non sabía que ningunha das dúas fosen drogas	5,2
Sabía que as dúas eran drogas	81,6
Total	100,0



Tanto en primaria como en secundaria e BAC, teñen claro que o tabaco e o alcohol son drogas. Ó mesmo tempo, nos dous tipos de enquisas existen unhas porcentaxes significativas que nos indican que saben que o tabaco si é unha droga e o alcohol non.

A continuación farase unha análise do inicio no consumo das drogas legais (tabaco e alcohol) e das ilegais (cannabis, cocaína, anfetaminas, éxtase e outras) entre os alumnos de ESO e BAC:

ALCOHOL:

Consumiches algunha vez alcohol, e que idade tiñas a primeira vez que o probaches?

	Porcentaxe válida.
Menos de 10 anos.	3,4
De 10 a 11 anos.	4,1
De 12 a 13 anos.	22,8
De 14 a 15 anos.	26,6
De 16 a 17 anos.	6,7
Ós 18 anos.	1,1
Nunca consumín.	35,2
Total	100,0



O 64,80 % dos alumnos de ESO e BAC admiten que consumiron algunha vez na súa vida alcohol. O máis significativo é que a gran maioría ten o seu primeiro contacto con esta droga entre os 12 e os 15 anos (representado polo 49,44 %).

TABACO:

¿Consumiches algunha vez tabaco, e que idade tiñas a primerira vez que o probaches?

	Porcentaxe válida.
Menos de 10 anos.	1,9
De 10 a 11 anos.	9,4
De 12 a 13 anos.	21,0
De 14 a 15 anos.	20,6
De 16 a 17 anos.	3,7
Nunca consumín.	43,4
Total	100,0



O 56,55 % dos alumnos de ESO e BAC probou algunha vez na súa vida o tabaco. Cabe destacar que a gran maioría (41,57 %) ten o seu primeiro contacto con esta droga entre os 12 e os 15 anos; do mesmo modo, consideramos importante que o 9,36 % xa o probou entre os 10 e os 11 anos.

CANNABIS:

Consumiches algunha vez cannabis, e que idade tiñas a primeira vez que o probaches?

	Porcentaxe válida.
Menos de 10 anos.	0,4
De 10 a 11 anos.	0,7
De 12 a 13 anos.	6,0
De 14 a 15 anos.	20,2
De 16 a 17 anos.	9,0
Ós 18 anos.	0,4
Nunca consumín.	63,3
Total	100,0



O 36,7 % dos enquisados consumiron cannabis nalgunha das súas modalidades (haxix, marihuana, etc.). A súa idade de inicio sitúase en torno ós 14 - 15 anos, correspondéndose cun 20,22 %. Aínda que representa unha porcentaxe mínima, gustaríanos sinalar que case un 6% xa probaron esta droga entre os 12 e os 13 anos.

COCAÍNA:

Consumiches algunha vez cocaína, e que idade tiñas a primeira vez que a probaches?

	Porcentaxe válida.
De 10 a 11 anos.	0,4
De 12 a 13 anos.	0,7
De 14 a 15 anos.	3,7
De 16 a 17 anos.	4,5
Nunca consumín.	90,6
Total	100,0



Aínda que o seu consumo é minoritario, existe un 9,36 % de enquisados que declaran consumir cocaína entre os 14 e os 15 anos.

ANFETAMINAS:

Consumiches algunha vez anfetaminas, e que idade tiñas a primeira vez que as probaches?

	Porcentaxe válida.
De 10 a 11 anos.	0,4
De 16 a 17 anos.	0,4
Ós 18 anos.	0,4
Nunca consumín.	98,9
Total	100,0



Tan só un 1,12 % dos enquisados consumiu algunha vez anfetaminas**.**

ÉXTASE:

Consumiches algunha vez éxtasis,e que idade tiñas a primeira vez que a probaches?

	Porcentaxe válida.
De 10 a 11 anos.	0,4
De 14 a 15 anos.	1,1
De 16 a 17 anos.	1,5
Ós 18 anos.	0,4
Nunca consumín.	96,6
Total	100,0



O 3,70 % dos enquisados manifestan consumir éxtase entre os 14 e os 17 anos.

OUTRAS DROGAS:

Consumiches algunha vez outras drogas,diferentes ás anteriores, e que idade tiñas a primeira vez que as probaches?

	Porcentaxe válida
Menos de 10 anos.	0,4
De 10 a 11 anos.	1,5
De 12 a 13 anos.	0,4
De 14 a 15 anos.	0,7
De 16 a 17 anos.	0,4
Ós 18 anos.	0,4
Nunca consumín.	96,3
Total	100,0



Un 3,75 % dos enquisados consumiron outro tipo de drogas distintas ás mencionadas anteriormente.

CONCLUSIÓNS

Tras a breve descrición dos datos máis relevantes das preguntas escollidas, chegouse ás seguintes conclusións:

A medida que aumenta a idade, aumenta a capacidade adquisitiva dos escolares enquisados. Case o 23 % dos escolares entre 12 e 13 anos dispoñen dunha cantidade bastante elevada para os seus gastos persoais, entre 20 e máis de 30 euros á semana. Este dato parécenos significativo, xa que a medida que a idade vai en aumento os rapaces teñen máis cartos, incrementándose así a posibilidade de adquirir certas drogas.

Por todo isto, a medida que teñen máis anos, aumenta entre os mozos o contacto co mundo das drogas, polo que a súa percepción sobre este tema se axusta máis á realidade. Isto corrobórao o feito de que case a totalidade dos alumnos de ESO e BAC afirman que é fácil conseguir drogas (82,40 %), polo tanto, cremos que saben perfectamente a onde dirixirse para conseguir drogas e como facelo (tanto legais como ilegais). Este feito pode ser un factor de risco importante, se temos en conta que unha porcentaxe elevada (35,96 %) de alumnos de ESO e BAC non teñen ningún tipo de opinión (nin boa nin mala) sobre o consumo de drogas, o que os fará máis susceptibles de probar algunha droga por non ter unha postura contraria a elas. De aí que, dende o Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias de Lugo, creamos que as campañas informativas seguen sendo precisas para que teñan a suficiente información que lles permita adoptar unha postura ante o consumo das drogas, en xeral.

De feito, a pesar de que a gran maioría dos enquisados, tanto en primaria como en secundaria e BAC, saben que o tabaco e o alcohol son drogas, existe unha porcentaxe significativa de escolares que manifestan non saber que o alcohol é unha droga. Este dato pode ser consecuencia da alta permisividade que a nivel social existe de cara a esta droga, usada para todo tipo de reunións, festas e a vida cotiá, en xeral.

A continuación exporanse as conclusións da pregunta de idade de inicio nas seguintes drogas: alcohol, tabaco, cannabis, cocaína, anfetaminas, éxtase e outras, correspondentes ós niveis de ESO e BAC.

Nesta pregunta destaca amplamente que máis da metade dos enquisados en ESO e BAC, declaran que consumiron drogas legais: tabaco e alcohol. A idade de inicio en ambas drogas oscila

entre os 12 e os 15 anos. Do mesmo xeito, estas idades repítense á hora de falar do inicio no consumo de cannabis (droga ilegal), aínda que a porcentaxe de alumnos que a consumiron é menor.

Parécenos significativo este último dato, xa que é a droga na que o seu consumo máis empeza a crecer dende fai anos1. Ademais, cabe destacar que a busca de sensacións a través de diferentes drogas fai que asocien este consumo xunto con outras drogas, neste caso tabaco e alcohol, producíndose deste xeito un policonsumo.

A pesar de que as drogas mencionadas anteriormente son as máis consumidas entre a poboación escolar de referencia, existe case un 10 % de enquisados que declaran que consumiron cocaína entre os 14 e os 17 anos. Este dato corrobora os datos a nivel nacional das enquisas do Plan nacional sobre drogas, segundo os cales a cocaína é a segunda droga ilegal máis consumida despois do cannabis; destacar tamén que o seu consumo está en aumento entre os adolescentes.

Existen outras drogas (anfetaminas, éxtase, etc.) nas que o seu consumo entre a poboación enquisada é mínimo, oscilando entre un 1 % e un 4 %.

Por todo o exposto ata este intre, obsérvase claramente que o inicio do consumo de drogas, tanto legais como ilegais, correspóndese cos tres primeiros cursos de ESO, tendo unha posible relación directa co paso de primaria a secundaria, e polo tanto o cambio de ambiente de estudo e as novas compañías, estando máis próximos a mozos maiores e converténdose estes nun modelo de referencia para os máis pequenos.

Dende o Servizo de Prevención de Drogodependencias do Concello de Lugo, considérase imprescindible continuar e incrementar as campañas preventivas dirixidas a este sector da poboación, xa que se ben é certo que a información non constitúe unha solución en si mesma, é necesaria para aprender a evitar as drogas ou, se non, reducir os riscos asociados a estes consumos.

[1] Enquisa Escolar 2002, Observatorio Español sobre Drogas.